

Dotados con un millón e trescientas mil pesetas, respectivamente

Darío Xohan Cabana e Agustín Fernández Paz acadan os premios «Xerais» e «Merlín»

SANTIAGO. Redacción

O escritor da Terra Chá luguesa Darío Xohan Cabana acadou cunha novela, segundo as súas palabras, "melancólica e á vez alegre", o premio "Xerais" que convoca a homónima editorial viguesa e que onte se fallou en Compostela dentro dunha cea literaria presidida polo presidente da Xunta de Galicia, Fernando González Laxe, á que asistiron preto de catrocentas persoas. O premio "Merlín" de literatura infantil, dotado con trescentas mil pesetas e convocado pola mesma editorial, recaiu en Agustín Fernández Paz, por unha narración presentada baixo o lema "O efecto dos raios gamma nas margaridas, con permiso de Paul Newman".

Darío Xohan Cabana, un dos poetas más asiduamente premiados nos certames que se celebran en Galicia, manifestou que o conseguir o "Xerais" coa súa primeira novela era "unha satisfacción", e adicou o premio ós seus pais; ós que, dixo, lles debía a lingua na que escribia. A novela, presentada baixo o lema "Tempo de outono" e titulada "Galván en Saera", vencéllase ó ciclo artúrico, que en Galicia cultivou Xosé Luis Méndez Ferrín, segredario do xurado que outorgou o galardón e, tal e como sinalou Cabana, autor dun antecedente da obra gañadora.

A obra ten lugar na Feira do Monte de Cuspeito, na Terra Chá, onde aparece o cabaleiro Galván do ciclo artúrico para vivir unha intensa historia de amor e unha serie de aventuras que, anque acontecen no pasado, sempre se toman desde a perspectiva do presente. Darío Xohan Cabana asegurou que escribiría a obra para que agradara ós lectores e suliñou que se divertira moito con ela, polo que agardaba que ós posibles lectores tamén lle agradaría.

"O efecto dos raios gamma nas margaridas, con permiso de Paul Newman" escondía



Darío Xohan Cabana é saudado por Xosé Luis Méndez Ferrín e Víctor Fernández Freixanes na entrega do "Xerais" de novela

tras de si a obra "As flores radioactivas" de Agustín Fernández Paz, que non puido asistir á cea por razóns persoais, xa que se atopa no hospital de Ferrol atendendo a un amigo. "As flores radioactivas" narra, segundo Lastra Murais, que recolleu o premio en nome do gañador, as aventuras de grupo de rapazas e rapaces na foxa Atlántica.

Para outorgar o premio, o xurado do "Merlín" valorou moi positivamente o argumento da obra, así como o manexo da linguaxe que o seu autor realiza. En nome de Fernández Paz, Lastra Murais sinalou que o galardón non só servía para recoñecer o labor do seu autor, senón tamén para pór de relevo unha xeración "que traballou e segue traballando neste país".

As novelas finalistas do premio "Xerais" foron as presen-

tadas baixo o lema "Vento de seda" e "Brais". Polo que respecta ó "Merlín", o xurado recomendou a publicación das obras presentadas baixo os lemas "Chicle de morago" e "As aventuras do ratón Filgueira".

O acto

O acto iniciouse pouco antes das dez da noite coa intervención do director da editorial "Xerais", Víctor Fernández Freixanes, quen salientou o feito de que os premios, "son unha referencia na historia da narrativa galega, referencia que queremos levar ó longo de Galicia".

Fernández Freixanes adicou e suliñou o papel da prensa galega e adicou unhas palabras especiais, "sen menosprecio do resto dos medios de comunicación", dixo, a EL CORREO GALLEGO que con motivo do fallo dos premios publicou

onte un especial "Xerais" no que se recollían os dez anos de andaina desta editorial fundada en 1979.

Para Freixanes, os medios de comunicación son unha plataforma excepcional desde a que crear estados de opinión. "Estamos necesitados de estados de opinión propios", dixo, "que non sexan provincianos". O director de "Xerais" concluiu á súa intervención lembrando o labor dos seus antecesores no cargo, especialmente a Luís Moure Mariño, e depositando toda a súa confianza nos lectores.

Entre os presentes no acto atopábase, amais de Fernando González Laxe, e entre outros moitos, o conselleiro de Cultura, Alfredo Conde; o alcalde de Compostela, Xerardo Estévez; o subdirector xeral do libro, Xabier Senín; o deputado provincial da Coruña, Manuel Regueiro; o presiden-

te de edicións "Xerais", Sánchez Ruiz Pérez; o presidente do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, Camilo Nogueira; o decano da Facultade de Xeografía e Historia, Ramón Villares, o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández e o presidente de "Anaya", Germán Sánchez.

Entre os numerosos escritores que asistiron á cea literaria figuraban Uxío Novoneira, María Xosé Queizán, Úrsula Heinze, Manuel María, Xosé António Neira Cruz (ganador do "Merlín" o pasado ano), Alberto Avenaño e Ana Romaní. Tamén acudiron a cita editorial un destacado número de responsables de medios de comunicación, entre eles o director da Compañía da Radio Televisión de Galicia, Abilio Bernaldo de Quirós e a popular presentadora da TVE en Galicia, María Tareixa Navaza.